

# Bardos 85

Revista do CIFP Fontecarmoa  
Vilagarcía de Arousa  
Marzo de 2025



En obras

## Sumario


<b>Entrevista ao director, Jesús de Andrés</b> Revista Bardos	4	<b>Sabor a queixo en Industrias Alimentarias</b> María Isabel Mojardín	18
<b>Visita oficial ás obras do centro</b> Revista Bardos	6	<b>Automatización e robótica, en Larsa</b> Uxía Casal Rei	19
<b>De Polonia a Vilagarcía, nos Erasmus Days</b> Iván Villar	7	<b>Coñecendo Amencer Aspace</b> Pablo García Sanz	21
<b>Leccións en Termaria Casa da Auga</b> Conchi Pérez	8	<b>Congreso de Mobilidade Sustentable FP</b> Álvaro Rodríguez	22
<b>Acto de graduación 23-24</b> Revista Bardos	10	<b>De visita ao Porto de Vilagarcía</b> Karen Pena	24
<b>Acceso á función pública</b> Isabel Ramallal	12	<b>Linfedema e outras patoloxías periféricas</b> Paula Santos	25
<b>Seacaps, premiado no Eduemprende Idea</b> Paula Boo	13	<b>Erasmus no Fontecarmoa</b> Iván Villar	28
<b>Lucindo o Nadal fóra do centro</b> Revista Bardos	14	<b>Libertad</b> Iria Colinas Cacabelos	31
<b>Federico Pérez, da man do EDLG</b> EDLG	16	<b>Aíto García Reneses, Pepe Casal e Xisco Gil</b> Iván Villar	32
<b>Balneario de Cuntis recibiu aos TSAF</b> Conchi Pérez	17	<b>Un novo espazo de tecnoloxía aplicada</b> Elena Rodríguez Lago	34

## Bardos 85

**Equipo de Dinamización da Lingua Galega do CIFP Fontecarmoa**

**Coordinación:** Luís Cividanes González

**Participan e colaboran neste número:** Paula Boo, Pilar Brea Bermejo, Uxía Casal Rei, Iria Colinas Cacabelos, Jesús de Andrés Vázquez, Pablo García Sanz, Luis Garrigós, María José Espiño, María Isabel Mojardín, Karen Pena Caramés, Adolfo Pereiro, Conchi Pérez, María Isabel Ramallal, Álvaro Rodríguez Díaz, Elena Rodríguez Lago, Paula Santos, Natividad Señoráns, Iván Villar.



Contacta no correo [info@cifpfontecarmoa.net](mailto:info@cifpfontecarmoa.net)

Accede aos anteriores números da revista Bardos entrando no portal web <https://www.bardos.es/>

# Nesta revista pomos o casco

Revista Bardos

**B**envido. Tes nas túas mans a revista Bardos número 85, correspondente ao curso 2024-25, o que quedará coma "o ano das obras".

Si, este curso no que estamos vén marcado polos galpóns convertidos en aulas, ruídos, problemas de espazos... e incidencias, maiores e menores, que reclaman de todos paciencia e a esperanza de que, máis cedo ou máis tarde, todas estas leas paguen a pena.

Queixas? Inxusto. Pensa no rebuldeiro que resulta mirar pola fiestra como traballan outros!

Non todo son obras. Tamén é de salientar o aumento dos matriculados no centro, que conta con máis actividade polas tardes, en boa medida cos novos cursos a distancia, en réxime dual ou de especialización.

Destes, e doutros temas, trata a entrevista co director Jesús de Andrés que comparte páxinas co habitual resumo dalgunhas moitas actividades realizadas nos últimos meses; os artigos sobre o programa Erasmus +; o emprendemento na formación profesional ou a chegada de novos mobles e equipamentos que melloraron as posibilidades das aulas.

Si, tamén hai fotografías nas que poden buscarse aqueles que participaron nalgunhas das ACF. Ah, e, se queredes algo de entretemento, tentade resolver os pasatempos que propomos na penúltima páxina.

Dende o Equipo de Dinamización da Lingua Galega do CIFP temos que dar grazas a todos os alumnos e docentes que colaboran neste número, así como a todas as persoas que nos propoñen ou participan nas accións que se desenvolven ao longo do ano académico.

Agardamos que vos preste!

Que podes  
atopar neste  
número 85 de  
Bardos?

# Jesús de Andrés: "Creo que a liña está marcada e a modernización do centro será unha realidade"

Revista Bardos

**J**esús de Andrés é o director do CIFP Fontecarmoa dende o ano 2017, cando aínda era IES Fermín Bouza Brey, e, metidos de cheo nas obras que prometen mudar -a mellor- o día a día no centro, queremos coñecer as súas impresións e proxectos.

**En que coordenadas situarías o noso centro neste momento?**

Falar de proxectos máis aló dos académicos nos que os maiores responsables son o profesorado, que son os que os traballan, paréceme complicado, e digo isto pola situación do centro no día de hoxe a nivel de obras. Pero certamente si que hai proxectos que teño na cabeza.

Vaiamos por partes, o primeiro é acabar con estas actuacións que deberían de estar para o inicio do próximo curso pero que teño as miñas dúbidas; este é o primeiro reto, pois teremos que adaptarnos a algo que ata última hora non imos saber, se estarán acabadas as obras ou non, e isto supón moito traballo e, sobre todo, inxenuidade.

Logo de que estean os novos espazos feitos quedará facer unha dotación oportuna, cousa que tamén de seguro que levará o seu tempo; e xestións algunhas veces desesperantes.

Despois de ter todo isto empezaremos a planificar a oferta posible cos novos espazos en funcionamento; en canto se consiga buscaremos a modernización doutros espazos que quedan por actualizar como o salón de actos; e trataremos de crear novos espazos pedagóxicos polivalentes para mellorar as posibilidades das titulacións actuais e favorecer a implantación doutras novas.

Con todo isto, e se temos continuidade nos programas nos que estamos inmersos, e se o profesorado segue respondendo tan positivamente cando se trata de abordar novos proxectos, ideas e solucións formativas, pois creo que a liña está marcada e a modernización do centro será unha realidade afianzándose como un centro de referencia na contorna.

**Hai uns meses presentaches o teu proxecto para o teu próximo período na dirección. Que te gustaría destacar do mesmo?**

En realidade non tiven que presentar proxecto, o proxecto presentéino cando o centro aínda era IES e cando o formato de elección pasaba polo Claustro, Consello escolar e Inspección, na seguinte renovación, aos catro anos, aínda sendo IES presentéi ao claustro unha votación para saber se tiña o seu apoio e moi maioritariamente foi dado o apoio co que o meu equipo directivo renovou a dirección para outros catro anos.

Pero a situación antes de acabar os catro anos mudou, cambiando a tipoloxía do centro e con iso a forma de nomeamento que pasou a ser nominativa pola consellería formando parte do persoal de confianza e o seu sistema de nomeamento, co que unicamente se pedía publicidade para un concurso e certos documentos non vinculantes.

**Se tiveses que resumir a situación nunha frase... que palabras escollerías?**

En proceso de modernización.

**As obras están a marcar este curso... cando se espera que rematen?**

Quero crer que para setembro estarán, pero a evolución das mesmas marcarán os prazos.



Fotografía de Pilar Brea Bermejo.

**Como cres que será o funcionamento do centro entón?**

Máis doado e cómodo e incluso profesional.

**Está consolidada a oferta formativa? Hai opción de que se introduzan novas especializadas ou se impartan novos títulos nas xa existentes?**

Está consolidada, o que non quita que poida haber modificacións; creo que a formación profesional, e máis no día de hoxe, ten que estar totalmente vencellada as necesidades produtivas e en especial da zona na que se atopa. Polo tanto, seguro que logo de estudar espazos cando rematen as obras, e ver as necesidades, posiblemente haberá modificacións, pero serán mínimas.

**Que te gustaría mellorar no Fontecarmoa, máis alá das instalacións?**

Creo que o ambiente de traballo é bo, e se che digo que a dotación sería parecido a dicir as instalacións. Sacando estas dúas cousas poden pensar na organización que sempre é mellorable e aforra moito tempo a todo o persoal. E niso estamos pero nunca se acaba...

**Como é o día a día dun director de CIFP? Cambia moito respecto a ser director dun IES?**

Si que cambia, tes un contacto máis de preto coa consellería, ao fin e ao cabo os CIFP teñen cerca do 50% do alumnado da formación profesional galega e de aí tamén a súa importancia na participación da man da consellería, xa que

somos unha boa locomotora da FP. Pero isto leva máis traballo administrativo, máis reunións e máis presión, en certo modo.

**Un tópico é que nos CIFP pérdese algo da parte máis humana dos institutos tradicionais. Estás de acordo? É inevitábel? Gáñase algo?**

Ben, esta pregunta igual debería ser máis para o profesorado que para min, pero, se teño que opinar, diría que aquí hai unha parte moi importante no bo funcionamento do centro que é a parte humana de todos os que aquí traballan; polo tanto, eu, que estiven en moitos centros, creo que unha maior burocracia ou especialización non ten porque levar a perder necesariamente a parte humana.

E si se gaña algo eu creo que é organización. Se teño que falar do que se perde, diría que moitas veces é tempo porque os documentos están ben e son necesarios e imos polo bo camiño pero séguese perdendo tempo con algún que outro...

**Canta importancia ten o traballo do equipo directivo para o teu traballo?**

O traballo do equipo directivo é fundamental, non concibo un equipo onde non sexa así.

Para min cada un no seu posto son os mellores, son os que me fan mellor e son os responsables do bo funcionamento do centro. Creo que un equipo directivo inflúe moito no ambiente do centro e, para min, teño o mellor equipo e non é quedar ben, supoño que se pode comprobar facilmente.

# Visita oficial ás obras do centro

*Prevense máis talleres, un soto técnico, un sistema de biomasa de xeración de calor, unha sala de reunións ou un viveiro de empresas*

## Revista Bardos

Fotografías facilitadas pola Consellería.

O conselleiro de Educación, Román Rodríguez, acompañado doutras autoridades, visitou o 14 de xaneiro o Centro Integrado de FP Fontecarmoa, onde visitou as instalacións e se detivo, especialmente, no avance das obras de ampliación que están a ter lugar.

Na nota oficial da Xunta cuantifícase o custo das obras en máis de 3,7 millóns de euros para unha actuación que “se enmarca no investimento de 20M€ que o Goberno galego está a facer en obras nos centros educativos do Salnés ao abeiro do Plan de nova arquitectura pedagóxica, que conta cun orzamento de preto de 500M€ ata 2028”.

Segundo a consellería, o prazo de execución será de nove meses, que terían nos seus primeiros pasos os traballos de demolición, cimentación e novos forxados en marcha.

A obra suporá crear unha nova superficie total de 2.210,29 m<sup>2</sup> construídos, a maioría deles no edificio de talleres, mentres que o edificio principal medrará en 335 m<sup>2</sup>. Como resultado, o noso centro contará con novos espazos para os talleres, ao tempo que se solucionarían problemas puntuais nos xa existentes.

Ao mesmo tempo crearase un soto técnico no edificio destinado aos talleres que aglutinará as instalacións do centro e colocarse un novo sistema de xeración de calor mediante biomasa que ha dar servizo a todo o complexo.



Ademais, reorganizaranse os espazos do edificio principal, crearase unha nova sala de reunións e un local para viveiro de empresas na planta baixa do edificio principal. De forma parella, aproveitarase para mellorar a accesibilidade no conxunto do centro, incorporando nos dous edificios ascensor e aseo adaptado.

# De Polonia a Vilagarcía, nos Erasmus Days

Iván Villar

O equipo Erasmus+ do Fontecarmoa celebrou en outubro unhas xornadas para o ciclo de Técnicos Deportivos en Baloncesto xunto cos alumnos do ciclo superior de Acondicionamento Físico, enmarcado dentro dos Erasmus Days.

O preparador físico de Polonia Dominik Rajczak foi o protagonista de tres relatorios para potenciar o inglés e os proxectos Erasmus+ KA121VET e KA131HED desenvolvidos polo centro de FP. Dominik traballa para o equipo feminino de baloncesto profesional MB Zagłębie Sosnowiec; dándose a circunstancia de que o técnico polaco traballa ás ordes dun grande coñecido do basket arousán, Jordi Aragonés. O equipo é un dos referentes en Polonia.

A primeira conferencia de Rajczak tratou sobre o traballo da preparación física en equipos de baloncesto de menores de 14 anos. Ademais, os alumnos do ciclo de Acondicionamento Físico puideron coñecer de preto a profesión de adestrador persoal que tamén realiza Rajczak. O técnico apadriñou dous alumnos deste ciclo que gozaron dunha estancia formativa inesquecible en Dabrowa.

Dominik Rajczak participou nun foro no salón de actos do CIFP a rebordar con alumnos de diferentes ciclos formativos. Trátou sobre a súa experiencia académica e laboral respondendo ademais as cuestións expostas polos alumnos como a vida en Polonia, aprendizaxe de idiomas etc.

Ademais destas xornadas aproveitouse para dar a coñecer a nova oferta de bolsas de Erasmus+ dos proxectos europeos do Fontecarmoa. Este curso o centro dispón de diferentes bolsas de mobilidade para os seus alumnos en prácticas como vén realizando desde hai 11 anos. Súmase un novo tipo de actividade, a mobilidade en grupo de 14 estudantes de FP Básica e Medio grazas ao labor de Natividad Señoráns e Carlota Barreira.

Os docentes tamén poderán beneficiarse destas magníficas oportunidades formativas realizando cursos estruturados no estranxeiro ou actividades de Job Shadowing. O equipo Erasmus+ apostará de novo para realizar de novo mobilidades internacionais, tras as exitosas experiencias de alumnos en Kuwait e Brasil e de docentes en Arxentina, Bolivia e Perú.

Así, o CIFP Fontecarmoa foi seleccionado nas últimas xornadas do SEPIE en Ceuta polo seu calado neste tipo de mobilidades fóra de Europa.



# Leccións en Termaria Casa da Auga

Conchi Pérez

**D**entro do abano de actividades complementarias de formación preparadas cada curso dende o departamento de ensinanzas físicas e deportivas sempre ten un éxito especial á visita á Casa da Auga Termaria, na Coruña.

Nesta oportunidade, a cita foi o día 19 de novembro e, no recinto deportivo, o alumnado do segundo curso do ciclo superior de Acondicionamento Físico puido gozar con actividades baseadas no soporte musical (sesión *bodypump*), actividades acuáticas (sesión *fitboard*) e actividades na sala de adestramento polivalente (sesión *fit ioga*); ademais de acceder á zona de talasoterapia.

Toda unha combinación de saúde, benestar e adestramento, grazas á aposta de Termaria polo talento e o futuro dos futuros profesionais do sector que están a formarse.

Unha visita moi interesante e enriquecedora tanto para alumnos coma profesores.



Termaria Casa  
da Auga é un  
recinto  
deportivo de  
referencia na  
Coruña



Momento para a foto de familia nesta ACF.



## Actividades

# Acto de graduación de titulados

*O curso 23-24 puxo o seu ramo cunha festa chea de flores e sorrisos na cancha exterior do Fontecarmoa, xa está a prepararse a do 24-25*

**A**pista de deportes acolleu, no serán do xoves 20 de xuño, o acto de graduación para o alumnado que rematou o seu período formativo no Fontecarmoa no pasado curso 23-24.

Máis de 500 persoas, entre estudantes; familiares; docentes, persoal non docente; e amizades dos titulados, xuntáronse nun evento áxil, con moitas flores coma decoración e sol no ceo.

Antón Ramos, titulado do ciclo superior de Acondicionamiento Físico, foi un presentador xeitoso e espelido que espaxou as súas intervencións e con algunhas pingas de humor.

As alumnas e alumnos dos distintos grupos foron subindo ao escenario para recoller o seu diploma da man de titores e profesores.

Manuel Álvarez, vicedirector do centro durante varios anos e no proceso de mudanza de IES Fermín Bouza Brey a CIFP Fontecarmoa, foi o encargado de dar a benvinda de parte da Dirección.

Non faltaron os agasallos e os discursos, máis ou menos tendentes á emoción ou á diversión, dalgúns estudantes dos segundos cursos no nome dos seus compañeiros.

En concreto, falaron Aida García e Andrea Bouzón, do ciclo medio en Coidados Auxiliares de Enfermería en réxime ordinario; Beatriz Villaverde, tamén de TCAE pero en modular; Antonio Martínez, de Atención a Persoas en Situación de Dependencia; e Lucas García, delegado da clase do ciclo superior de Acondicionamiento Físico.

Tamén tomaron a palabra, e recibiron cadanseus ramos de flores, Ana Argibay e Chelo Losada, profesoras de Comercio e Márketing que chegaban á súa xubilación profesional; e Pilar Brea, impulsora destes actos de graduación que agora exerce no IES Luís Seoane de Pontevedra.

### Cursos que recibiron o seu diploma

Debullando, recibiu a súa acreditación conmemorativa o alumnado do ciclo básico de Electricidade e Electrónica; ciclo medio de Instalacións Eléctricas e Automáticas; ciclo superior de Automatización e Robótica Industrial; ciclos superiores ordinario e dual de Mecatrónica Industrial; ciclo de FP Básica en Servizos Comerciais; ciclo medio de Actividades Comerciais; ciclo superior de Xestión e Venda de espazos comerciais; ciclo superior en Transporte e Loxística; ciclo medio de Técnicos Deportivos en Baloncesto; ciclo medio de Técnicos en Coidados Auxiliares de Enfermería nos réximes ordinario e modular; ciclo medio de Electromecánica de vehículos automóviles; ciclo medio de Atención a Persoas en Situación de Dependencia; e ciclo superior de Técnicos en Acondicionamiento Físico.

### Acto de graduación 24-25

E, tras facer memoria do pasado, toca mirar ao futuro. Xa comezaron os preparativos para o acto de graduación para o curso 24-25. Será, se nada se torce, o venres 11 de abril e, por mor das obras que teñen no lugar actualmente no Fontecarmoa, a cita trasladarase ao Auditorio de Vilagarcía.





A pista encheuse de asistentes.



# Sesións sobre o acceso á función pública dos ciclos sociosanitarios e sanitarios do CIPF Fontecarmoa

Isabel Ramallal

**A** Academia Premir realizou un interesante relatorio dirixida aos alumnos de Formación Profesional (FP), dos ciclos de Coidados Auxiliares de Enfermería e de Atención a Persoas en Situación de Dependencia, co obxectivo de proporcionarles información crave sobre o acceso á función pública.

A sesión, que tivo lugar nas instalacións do CIPF Fontecarmoa, congregou un nutrido grupo de estudantes, tanto da oferta modular coma de ordinario, interesados todos eles en coñecer as oportunidades e os detalles sobre o proceso de ingreso ás diversas posibilidades que oferta o sector público para as súas titulacións.

Durante a sesión, expertos no ámbito da función pública compartiron información sobre os requisitos, beneficios e etapas do proceso de oposición, destacando a importancia da preparación académica e persoal.

Ademais, abordáronse distintas temáticas vinculadas como a igualdade de oportunidades, as vantaxes dunha carreira no servizo público e os recursos dispoñibles para facilitar a preparación dos futuros opositores.

O evento tamén incluíu na súa parte final unha rolda de preguntas e respostas, na que os estudantes puideron expresar as súas inquietudes e recibir orientación personalizada por parte dos relatores.

A participación activa dos alumnos demostrou o seu grande interese e entusiasmo por formares

parte do servizo público e contribuír ao desenvolvemento da sociedade.

O CIPF Fontecarmoa reafirma o seu compromiso de apoiar aos mozos no seu camiño cara ao éxito profesional, ofrecendo recursos educativos e orientación para facilitar o seu acceso á función pública. Con iniciativas como esta charla, a institución busca motivar e preparar aos futuros titulados, promovendo unha formación integral que lles permita afrontar os retos do sector público con confianza e eficiencia.

Unha actividade que suscitou moito interese.



# O proxecto Seacaps gaña o terceiro premio no Eduemprende Idea 2024

*A súa candidatura propuña un fertilizante concentrado en cápsulas a base de algas e cunchas de moluscos extraídas da ría de Arousa*

Paula Boo Pardavila

**O** Concurso Eduemprende Idea quere promover a realización de proxectos empresariais por parte do alumnado galego das ensinanzas de formación profesional, deportivas ou de artes plásticas e deseño. Na súa última edición, correspondente a este curso 24-25, recoñeceu cun terceiro premio na súa modalidade A (correspondente ao grao superior) ao proxecto Seacaps, un equipo do noso centro que recibirá unha dotación de 1.000 euros.

María Teresa Figueira, alumna de segundo do ciclo superior de Comercio Internacional, é membro dese grupo galardoado.

**Como vos decidides a participar no concurso Edumprende Idea 2024?**

Pois foi grazas á coordinadora de emprendemento do CIFP Fontecarmoa, Paula Boo, quen nos informou da convocatoria e incentivou para participar no concurso.

**En que consiste este certame?**

O concurso consiste en presentar un proxecto orixinal de emprendemento.

**Que estudantes forman parte de Seacaps?**

Forman parte Óscar Millán, Sylvana Portela, Daniel Barcala e eu mesma, Teresa Figueira.

**En que consiste o traballo presentado a concurso? Que destacariades del?**

O traballo consiste na realización de cápsulas de fertilizante a base de algas e cunchas de bivalvos. O que máis destacaríamos é o formato e o

aproveitamento dun recurso que está á man e preto e cunchas propiedades inmejorables que se ven utilizando tradicionalmente, pero que non se comercializa.

**Como cualificariades esta experiencia?**

É unha oportunidade moi interesante para dar a coñecer novos proxectos.

**Como coñecestes a resolución do premio?**

Soubémolo a través dunha notificación da Xunta de Galicia, no seu portal.

**Animariades a outras compañeiras a participar? Por que?**

Por suposto. Creemos que é unha moi boa oportunidade para dar a coñecer novos proxectos innovadores e creativos, e favorecelo emprendementos dos mesmos.

**Tedes pensado emprender algún de vós?**

Non a curto prazo, pero si que hai algunhas ideas para máis adiante.

Ademais do Fontecarmoa, resultaron premiados outros catro centros: o IES A Guía de Vigo, e os CIFP Paseo das Pontes da Coruña, Politécnico de Compostela e o ourensán Portovello.

Os premios Eduemprende Idea naceron no 2010 e actualmente reparten un total de 12.000 euros para recompensar as mellores propostas.

Divídense en dúas categorías: unha para ciclos de grao superior e outra para ciclos de grao medio; cada categoría outorga galardóns aos tres mellores proxectos, premiando a creatividade e o impacto potencial das propostas.

# Lucindo o Nadal fóra do centro

*A clase de segundo curso do ciclo de Xestión de vendas e espazos comerciais decorou a Praza do Quinto Centenario durante as festas*

Revista Bardos

**O**s estudantes de segundo curso do ciclo superior de Xestión de vendas e espazos comerciais do CIFP Fontecarmoa afanáronse no último treito do ano 2004 nun proxecto moi especial: adornar a Praza do Quinto Centenario, na Rúa Arzobispo Xelmírez de Vilagarcía, cunha grande variedade de enfeites de Nadal elaborados por eles mesmos.

A colocación realizouse o día 5 de decembro e levantou moita expectación entre a veciñanza, que loubou o ben que quedou a instalación.

A idea de saír das clases ás rúas, da teoría á práctica, sae do seu módulo de Escaparatismo e deseño de espazos comerciais, impartido pola profesora Naty Señoráns, docente no departamento de Comercio e Márketing, quen tamén se encargou dos diferentes trámites e permisos no Concello.

### **A opinión da delegada, Judith Iglesias**

A delegada da clase, Judith Iglesias, sinalaba: “Foi todo un reto para nós, quero agradecer especialmente aos meus compañeiros o traballo realizado e a Naty que, sen ela, non sería posible. Durante máis dun mes, dedicamos todo o noso tempo e recursos para que todo saíse perfecto. Cada detalle foi pensado para mostrar a nosa creatividade, o traballo en equipo e sobre todo o noso compromiso”.

E salientaba que “este proxecto non só nos permitiu aplicar o que aprendemos na aula, senón tamén vivir unha experiencia enriquecedora como equipo de traballo. Simplemente queremos agradecer a todos os amigos, familiares e ao CIFP



Fontecarmoa por apoiarnos en todo momento. Para nós, ver o resultado final e saber que contribuímos a facer desta praza un lugar especial durante estas datas é o maior recoñecemento”.

Para Naty Señoráns esta iniciativa “supón unha experiencia positiva por todo o que implica. A finalidade principal deste proxecto de decoración de Nadal é que o alumnado faga unha práctica real completa, que estea preparado para saír ao mundo laboral e que coñeza todo o que implica facer unha actividade deste tipo, en canto traballar en equipo para acadar un obxectivo común”.

### **Achegas de distintas partes**

Por último, a docente apuntaba que “outro aspecto que se pretende é dar a coñecer unha parte da formación que ofrece o Fontecarmoa, máis concretamente, o ciclo superior de Xestión de



O grupo amosou as súas dotes como escaparatistas.

vendas e espazos comerciais. Quero dar as grazas e os parabéns ao alumnado participante xa que sen a súa colaboración e o seu fantástico traballo isto non iría adiante; ademais, non me podo esquecer do apoio das súas familias, do centro que nos permite levar a cabo estas actividades e do Concello de Vilagarcía por cedernos o espazo”.

Outros profesores do equipo pedagóxico de Xestión de vendas e espazos comerciais cederon horas para que o alumnado puidese dispor do tempo necesario para preparar e colocar os adobíos; e departamentos coma o de Instalacións e Mantemento tamén botaron unha man coa elaboración de estruturas metálicas.

Ata o remate das festas, a Praza do Quinto Centenario converteuse nunha parada obrigatoria para toda a comunidade do centro.



# Federico Pérez, da man do EDLG

EDLG

O noso CIFP recibiu no marzo pasado a visita do actor Federico Pérez Rey quen, xunto aos alumnos, foi o protagonista dunha actividade organizada dende o Equipo de Dinamización da Lingua Galega do Centro.

Durante unha hora, na biblioteca do centro, un grupo de rapazas e rapaces dos ciclos de Servizos Comerciais, Industrias Alimentarias e Actividades Comerciais puideron coñecer algo máis sobre como é o funcionamento e o día a día nos sectores audiovisual e cultural no noso país.

Un capítulo de Era Visto, unha das series de éxito da TVG na que tomou parte Fede Pérez, serviu de introdución para unha actividade informal na que tamén houbo presenza de profesorado.

O mundo da televisión, do cine e do teatro; o sector da dobraxe; ou a relación e as posibilidades da lingua galega foron parte dos contidos que se tocaron nesa sesión.

Dende o EDLG do Fontecarmoa queremos agradecer a colaboración desinteresada e máis a implicación do actor, quen puxo todas as facilidades posibles para que se realizase esta xuntanza no marco do seu programa anual.





# O Balneario de Cuntis amosou as súas instalacións ao ciclo de TSAF

*Unha xornada sobre a importancia das augas mineromedicinais*

Conchi Pérez

**O**xoves 20 outubro os alumnos de segundo curso do ciclo superior de Acondicionamento Físico acompañados por Maria Suárez, Luis Garrigos e Conchi Pérez asistiron a unha visita guiada polas instalacións do Balneario Termas de Cuntis.

A médico especialista en Terapia amosounos a importancia das súas augas mineromedicinais para o noso mundo das actividades físicas e da recuperación. Puidemos probar algunha terapia e fixemos un recorrido no Acquaform

Unha boa experiencia para todos!



# Sabor a queixo en Industrias Alimentarias

*Actividade para coñecer máis  
das DOP Arzúa Ulloa e Tetilla*

María Isabel Mojardín

O departamento de Industrias Alimentarias esforzase en organizar un programa con actividades de interese para o seu alumnado.

Así, no pasado curso 23-24, Óscar Pérez, do Consello Regulador da Denominación de Orixe Protexida Arzúa-Ulloa e Marisé Mosteiro, da DOP Queixo Tetilla, impartiron unha charla, sobre a calidade dos queixos galegos, seguida dunha cata comentada, aos alumnos do ciclo superior de Procesos e Calidade na Industria Alimentaria.



Explicacións por parte de Marisé Mosteiro.





# Automatización e Robótica, en Larsa

Uxía Casal Rei

**O** grupo de segundo curso do ciclo superior de Automatización e Robótica Industrial, acompañado polo seu titor Julián Santiago e a profesora Uxía Casal, puido coñecer de primeira man un proceso real automatizado e robotizado con última tecnoloxía.

Foi na visita á fábrica Larsa (grupo Capsa Food) de Vilagarcía do 21 de xaneiro onde observaron as liñas de produción funcionando de xeito automático. As explicacións dos técnicos especializados da fábrica serviron para comprender mellor as montaxes e configuracións de robots, cadros eléctricos con autómatas programables, reguladores de procesos continuos, variadores de velocidade, redes de comunicacións industrial, etc.

Agradecemos á xerencia, encargados e técnicos de mantemento a estupenda atención que prestaron aos alumnos e docentes.

# Club de alemán na biblioteca

*Alumnado e docentes inicianse no coñecemento deste idioma*

Karen Pena Caramés

O club de alemán do CIFP Fontecarmona, promovido polo equipo responsábel da biblioteca, xa se puxo en marcha no que xa é o seu segundo curso de traxectoria.

Ana im Kreis, da escritora Edith von Sundahl-Hiller, unha novela para introducirse no idioma que está recomendada para o nivel A1, é a obra

escolida para esta actividade de dinamización de linguas e de lecturas.

A iniciativa está aberta a todas as persoas interesadas en mellorar a súa competencia en idiomas; as xuntanzas para comentar avances, vicisitudes e dúbidas celébranse mensualmente, nalgúns recreos das mañás. Para máis información sobre o funcionamento do club de alemán pódese acudir á propia biblioteca.





# Amencer Aspace achegouse para explicar o labor que desenvolve

*Amencer-Aspace achegouse con motivo do Día da Parálise Cerebral*

Pablo García Sanz

O día 3 de outubro recibimos a visita de David Carrera director do centro Princesa Letizia de Amencer-Aspace, acompañado por Alejandro Moldes, un usuario do centro de día, por mor da celebración do Día Mundial da Parálise Cerebral.

Da súa man, e o salón de actos do centro, un grupo de alumnas e alumnos dos ciclos de Coidados Auxiliares de Enfermaría e Atención a Persoas en Situación de Dependencia puideron coñecer un pouco máis sobre a realidade das

persoas afectadas por dano cerebral, a atención que precisan e o importante traballo que se desenvolve nese centro, situado bastante preto do Fontecarmoa.

Esta actividade xa se pode considerar coma unha cita anual para estreitarmos lazos con este colectivo tan próximo en todos os sentidos.

O Centro de Atención Integral “Princesa Letizia” Amencer Aspace de Vilagarcía de Arousa ofrece unha atención global a persoas con parálise cerebral e patoloxías semellantes. Para esta angueira conta coa infraestrutura dun Centro Educativo e máis dun Centro de Día.

## Actividades

# Congreso Mobilidade Sustentable en Medios de Transporte FP Galega

*Máis de 600 profesionais, alumnos e docentes, nunha cita de éxito*

Álvaro Rodríguez Díaz

O departamento de automoción do CIFP Fontecarmoa, xunto ao seu homólogo do IES de Vilalonga e o impulso da dirección xeral de Formación Profesional, montou o Congreso de Mobilidade Sustentable en Medios de Transporte FP Galega 2024, a finais do mes do maio pasado.

O auditorio municipal de Vilagarcía de Arousa foi o recinto que xuntou, durante dous días, a máis de 600 persoas entre alumnado, profesionais e docentes e que sucedeu ao antigo Foro de Innovación na FP de Automoción.

O obxectivo xeral deste evento era reunires á comunidade educativa, empresarial e innovadora para compartir experiencias, coñecementos e boas prácticas no ámbito da mobilidade sustentable, estratexias que permitan fomentar a innovación e o espírito emprendedor, así como manexar diferentes recursos para a procura activa de emprego. Así, congregou distintas familias profesionais de toda Galicia: automoción, electricidade, electrónica, informática, mantemento industrial, comercio e márketing ou administración.

Na súa Feira de Emprego, directoras e directores de RR.HH. de máis dunha ducia de empresas e institucións galegas e estatais, recolleron currículos, realizaron entrevistas laborais e artellaron obradoiros de empregabilidade.

Na listaxe de entidades colaboradoras estiveron Stellantis Vigo, Caetano Fórmula, Pérez Rumbao, AD Grupo Regueira, Recambios Ochoa, Talleres La Junquera ou ATRA Asociación Autónoma de Empresarios de Talleres de Reparacións de Vehículos de Pontevedra.

Os estudantes puideron gozar dunha mostra e exhibición de máis de 50 turismos de última xeración, vehículos industriais, vehículos de mobilidade urbana (bicicletas eléctricas, motos eléctricas e patinetes) e vehículos das Forzas de Seguridade do Estado (policía nacional, garda civil, militar e servizos de emerxencia).

Un obxectivo específico do congreso era debullar temas como a adaptación á mobilidade sustentable, a tecnoloxía e a súa formación ou as necesidades de mobilidade de persoas.

Xa que logo, debateuse sobre asuntos coma o vehículo conectado; as infraestruturas intelixentes; a evolución da demanda da mobilidade urbana ou o xeito no que se han integrar os vehículos nos novos modelos de cidade.

Outro obxectivo, e non menos importante, foi o de realizar unha conversa entre representantes da automoción para analizar e expoñer a

Dúas  
xornadas con  
relatorios,  
feira de  
emprego e  
obradoiros



Profesorado, na entrada do Congreso de Mobilidade.



Os asistentes ao Congreso de Mobilidade Sustentable puideron gozar dunha exhibición dos bombeiros.

situación actual das empresas e a súas perspectivas de futuro. Crear pontes entre o sector produtivo e educativo para traballar na captación de talento e fomentar proxectos innovadores de colaboración entre ámbolos dous sectores.

O menú de relatorios sobre novidades tecnolóxicas contou con Álvaro Sauras, para falar da segunda vida e reciclaxe das baterías; David Alonso, sobre o risco de incendio nos coches eléctricos; e Jorge Varela, quen abordou as baterías de íon litio e o seu uso en mobilidade.

Tamén foi moi atraínte o extenso programa de obradoiros prácticos que contou cun numeroso público, dentro e fóra das instalacións.

Debullando eses obradoiros. Un grupo de Bombeiros de Galicia amosou como realizar a excarcelación nun vehículo eléctrico; Juan Carlos Sánchez falou da calibración dos sistemas ADAS; Enrique Covelo seguiu os pasos que dá a tecnoloxía da Fórmula 1 ata que chega os garaxes particulares; e José Fresco usou a súa quenda no deseño e motorización da bicicleta eléctrica para a cidade intermodal.

Pero aínda houbo máis: David Alonso centrou o seu tempo na diagnose externa da batería do coche eléctrico; Miguel González falou sobre Enilive (operador de produtos petrolíferos) e a

economía circular; José Luís López deu pistas sobre o mundo dos motores eléctricos e de combustión na náutica; e o doutor Emilio Sanjurjo falou acerca das diferentes aplicacións da simulación de sistemas multicorpo.

Este evento quixo explorar novas oportunidades de desenvolvemento de negocio no campo da automoción e a mobilidade, polo que contou coa presenza de start-ups, emprendedores e profesionais a carón de docentes, administración e estudantes. Un congreso que supuxo moito traballo de organización, pero o seu resultado pagou a pena.



O programa reparou nas necesidades do alumnado.



# De visita ao Porto de Vilagarcía

Karen Pena Caramés

**A** comezos do novembro pasado, no primeiro cuadrimestre, alumnado e profesorado dos ciclos superiores de comercio internacional e máis de transporte e loxística foron benvidos ao porto de Vilagarcía, nunha visita que xa é case unha tradición curso tras curso.

Dende os equipos docentes que estiveron implicados nesta actividade complementaria, artellada dende o departamento de Comercio e Márketing, quérese dar grazas á autoridade portuaria de Vilagarcía de Arousa por esa achega de primeira man á realidade do mercado laboral máis próximo ns campos do transporte e máis a loxística.

# Familiarizándose co linfedema e con outras patoloxías periféricas

Paula Santos

**A**s estudantes dos ciclos de Técnicos de Coidados Auxiliares de Enfermería e Atención a Persoas en Situación de Dependencia puideron asistir o pasado mes de xaneiro, á charla de María Araujo Rey, a traballadora social da Asociación Galega de Linfedema, Lipedema, Insuficiencia Venosa Crónica e outras Patoloxías Vasculares Periféricas.

Nesta actividade complementaria de formación, os participantes familiarizáronse con estas patoloxías, coñecendo os posibles tratamentos actuais das mesmas e a encomiable labor de apoio, tratamento e reivindicacións dos seus doentes que fai esta asociación.

AGL, a Asociación Galega de Linfedema, Lipedema, Insuficiencia Venosa Crónica e outras Patoloxías Vasculares Periféricas, naceu no 2004 e ten a súa sede en Vilagarcía de Arousa. É posíbel coñecer máis do seu gran traballo no seu portal web <https://www.linfedemagalicia.com/>.

A traballadora social María Araujo impartiu esta sesión



# A Festa da Bicicleta de Vilagarcía contou coa colaboración dos TSAF

*Uns 600 rapaces puideron divertirse montados sobre dúas rodas*

Conchi Pérez

**P**romover a cultura da bicicleta como medio de transporte sustentable e saudable é a proposta do concello de Vilagarcía e La Voz de Galicia.

Neste curso 24 /25 a data elexida foi o 27 de setembro, cando institutos e colexios do municipio, 11 centros educativos e 600 alumnos aproximadamente, fixeron un pequeno percorrido acompañados en todo momento, dende a saída nos recintos educativos ata a chegada de volta aos mesmos, dos estudantes e profesores de segundo curso do Ciclo Superior de Acondicionamento Físico do CIPF Fontecarmoa.

Dous alumnos de TSAF chantados coas bicicletas.



# Un ano máis, de visita en Conxemar

*Tanto alumnado de Industrias Alimentarias coma de Comercio e Transporte acudiron á feira internacional de produtos conxelados*

Revista Bardos

**O**ctubro, en Vigo, é sinónimo de Conxemar, feira de referencia en Europa dos produtos conxelados saídos dos océanos e mares.

Na súa edición de 2024, que facía a número XXV, o evento contou con máis de 27.000 asistentes de 110 países, entre os que estiveron docentes e alumnos do noso centro; en concreto de Industrias Alimentarias, Comercio Internacional, Transporte e Loxística e Actividades Comerciais.

Estudiantes e docentes de Comercio Internacional.



## Internacionalización

## Erasmus no CIFP Fontecarmoa

Iván Villar Fernández

O CIFP Fontecarmoa consolida, ano a ano, o seu traballo de internacionalización. Os proxectos E+ en vigor do centro son os seguintes: KA121-VET 2023; KA121-VET 2024; KA131-HED 2023; e KA131-HED 2024

Houbo 98 solicitudes de estudantes de bolsa Erasmus+ para este curso. Están previsto realizarse na FCT deste curso unhas 50 mobilidades de alumnos. A opción máis demandada é a de prácticas de curta duración e os países máis solicitados foron Italia, Alemaña, Suíza e Portugal. A familia profesional que máis demanda ten de E+ é a de Comercio e Marketing, seguida por Sanidade e Ensinanzas Físicas e Deportivas. Está previsto realizar a primeira mobilidade de grupo de alumnos de curta duración a Turín en febreiro con 14 alumnos do CM Comercio e FB Básica da mesma rama familiar con Natividad Señoráns e Carlota Barrera coma profesoras acompañantes.

Respecto ó staff, houbo 32 solicitudes de beca, sendo os departamentos máis representados os de Comercio Internacional e Ensinanzas Físicas e Deportivas. Están previstas cerca de 21 mobilidades a diferentes países da UE como: Italia, Bulgaria, Suecia, Francia, Romanía e Grecia. Ademais gracias á acreditación E+ en FP e Carta ECHE do centro se realizarán mobilidades de Job Shadowing a Turquía, Colombia e Arxentina.

As opcións de bolsas Erasmus + para o próximo ano académico 25-26 contemplan mobilidades de curta duración (15-89 días) ou longa duración (3-6 meses) para realizar as prácticas de recén titulado. Ademais volverá estar aberta a opción de mobilidade de grupo de alumnos de curta duración.

O equipo E+ do centro ademais está a traballar nunha nova porta internacional dentro do proxectos Erasmus+: KA171. Esta opción permite mobilidades de docentes e alumnado de Formación Profesional de Grao Superior fora de Europa. Está previsto solicitar becas a India, Malaisia, Indonesia, Senegal e Australia.


### Xornadas sobre Internacionalización en Réxime Especial

Por outra banda, o CIFP Fontecarmoa foi protagonista nas III Xornadas sobre Internacionalización en Réxime Especial. Araceli Dobarro, Tomás Teijeiro e Iván Villar participaron nun encontro especializado para explicar as súas experiencias Erasmus + coas ensinanzas deportivas de vela e baloncesto en Serbia, Grecia e Lituania.


O coordinador de programas internacionais tamén foi o encargado de dirixir un obradoiro para iniciar unha solicitude de proxecto de curta duración KA122 para outras institucións de ensinanzas deportivas, escolas de idiomas e conservatorios de música, arte e danza.

O equipo Erasmus + do centro é unha referencia no seu eido

Tipo de mobilidade  
19 respostas



Sector educativo  
18 respostas



# Obradoiro sobre creación literaria, xunto a escritora Inma López Silva

EDLG

A escritora Inma López Silva achegouse ao CIFP Fontecarmoa o mércores 19 de febreiro para impartir un obradoiro de creación literaria a un grupo de estudantes e docentes do centro.

A actividade, moi creativa, buscaba fomentar as habilidades na escrita e máis o interese pola literatura e desenvolvese na biblioteca; precisamente, a Biblioteca e máis o Equipo de Dinamización da Lingua Galega estiveron detrás desta iniciativa que resultou moi agradable e xeitosa para os seus participantes.

Inma López Silva leva xa máis de 25 anos de andaina na que, tras darse a coñecer con relatos, practica a novela, o ensaio, a crítica literaria, o columnismo de opinión ou a poesía.

Fotografías, de Paula Boo.



## Actividades



Un grupo de alumnos de Actividades Comerciais atende a unhas visitantes.

# Estudiantes de comercio en Edugal

Naty Señoráns

**O** 10 de outubro, o alumnado de 2º de Servizos Comerciais e 2º de Actitividades Comerciais do CIFP Fontecarmoa desprazouse ata Pontevedra ao "13 Salón da oferta de educación e formación de

Galicia", máis coñecido como Edugal.

Alí tiveron a oportunidade de coñecer a oferta formativa que existe en Galicia e noutras comunidades. Ademais deron a coñecer os ciclos que están a cursar facendo unha demostración de pregado de libros e empaquetado.



# Libertad

Iria Colinas Cacabelos

**M**ando en mí,

decido por mi cuerpo  
por mí, por lo que deseo  
odio el abuso  
el dolor, el dar sin medida  
y aunque caiga me levanto  
ya aunque tiemble me sostengo  
y aunque tenga miedo avanzo.

**S**oy dueña de lo que soy y seré

y no permito  
que el amor se convierta en bozal  
que el deseo se vuelva ofensa  
que el querer se vuelva una trampa.  
No necesito un rey a quien favorecer  
porque en mi cuerpo de mujer ya tengo trono.

**N**o necesito que me manejen

porque mi mente está sembrada en libertad.

**S**olo necesito esta boca que esta boca que respira

que habla, que se alimenta, que besa.

**S**olo necesito esta boca para avisar

de que soy mujer y eso me basta,  
que tengo fuerza y nadie me aplasta.

**S**olo necesito este pico que no debo cerrar

dando paso a mi garganta  
para rogar libertad.

# Aíto García Reneses, Pepe Casal e Xisco Gil, olimpismo e deporte

*O conselleiro de Educación, Román Rodríguez, tamén se achegou con outras autoridades ao foro sobre olimpismo no Fontecarmoa*

Iván Villar

O Ciclo Formativo de Técnicos Deportivos en Baloncesto do CIFP Fontecarmoa de Vilagarcía organizou o pasado mes de abril un relatorio a cargo do adestrador con máis partidos e máis vitorias na historia Liga Endesa ACB.

O técnico madrileño xa estivera no Clinic Vilagarcía 2017 e repetiu visita grazas á mediación da súa Fundación Aíto García Reneses.

Aproveitando esta oportunidade, no centro artellouse un foro sobre olimpismo e deporte, do que tamén tomaron parte Xisco Gil, director de preparación olímpica da Federación Española de Vela, e Pepe Casal, preparador físico con García Reneses nas súas etapas co FC Barcelona e máis coa selección nos Xogos de Pequín 2008.

A presenza de Gil foi posíbel grazas ao traballo dos docentes do ciclo de vela que tamén se imparte no CIFP Fontecarmoa.

O conselleiro de Educación, Ciencia, FP e Universidades, Román Rodríguez, achegouse ás instalacións do centro por mor desta cita, acompañado de distintas autoridades.

Todas estas actividades enmarcáronse dentro do proxecto de formación de profesorado do equipo docente de ensinos deportivos de baloncesto e vela, que pasou tamén pola Feira Innovart, na Cidade da Cultura de Santiago de Compostela.

Neste programa non faltaron relatorios por parte de responsables da Consellería, en concreto de Fernando Fernández Fraga e Anxo Fernández; e,

en liña, de Ignacio Melendro, do Consello Superior de Deportes.

Un dos obxectivos de futuro do CIFP Fontecarmoa de Vilagarcía é seguir a ser a referencia das ensinanzas deportivas de baloncesto e vela en Galicia.



## Actividades

Os ciclos de vela  
e baloncesto  
queren seguir  
sendo referencia  
nas ensinanzas  
deportivas

Imaxe dos relatores e autoridades na biblioteca do CIFP.



# Un novo espazo de tecnoloxía aplicada para a Formación Profesional

Elena Rodríguez Lago

**D**entro do seu esforzo para mellorar os recursos cos que se ensina aos seus alumnos, o departamento de Comercio e Márketing presentou un proxecto denominado "**Simulación de tenda e RV para os ciclos de comercio**" que resultou seleccionado e que permitiu, a finais do ano 2024, a adaptación dunha aula con novos equipos e mobles.

Para o proxecto propoñemos unha innovación significativa incorporando o uso de gafas de realidade mixta na nosa simulación.

Estas gafas permitirán aos estudantes mergullarse nun ambiente virtual onde poderán interactuar con clientes, xestionar inventarios e experimentar diversas situacións comerciais como se estivesen realmente nunha tenda ou almacén.

A realidade mixta ofrece unha experiencia inmersiva e interactiva que enriquecerá a formación dos nosos alumnos, permitíndolles aplicar os seus coñecementos nun contexto moi semellante ao que atoparán no mundo laboral.

O que se busca reflectir con este título son os aspectos fundamentais deste proxecto, que pivotan sobre os seguintes eidos:

1. **Innovación Tecnolóxica:** O noso proxecto busca incorporar tecnoloxía de vangarda para crear un entorno de aprendizaxe innovador. Faremos uso de software avanzado, equipamento electrónico como caixas rexistradoras e terminais de punto de venda (TPV), así como lectores de códigos de barras. Estes recursos permitirán aos estudantes experimentar situacións comerciais reais nun contexto virtual, o que é esencial para unha formación práctica e efectiva.



2. **Fomento do Comercio Local:** Ao adaptar o noso proxecto á realidade do comercio local, promovemos a importancia da economía local e o desenvolvemento de competencias necesarias para traballar en pequenos negocios e establecementos comerciais. A nosa iniciativa tamén busca concienciar aos estudantes sobre a relevancia de apoiar o comercio local nas súas comunidades.

Fotografía de Pilar Brea Bermejo.



### A nova aula

O noso proxecto non só busca transformar o concepto dunha aula tradicional nun espazo polivalente e inovador, senón que tamén representa unha aposta por cambiar a metodoloxía coa que abordamos as necesidades específicas do alumnado do Ciclo Básico de Servizos Comerciais.

Este novo espazo estará deseñado para simular ambientes laborais reais baseados en comercios locais, ofrecendo aos estudantes unha experiencia práctica e interactiva coas tecnoloxías dixitais empregadas no pequeno comercio.

Os alumnos contan agora cun taller equipado que inclúe elementos tecnolóxicos avanzados, como caixas rexistradoras táctiles, TPV, lectores de códigos, escaparates domóticos e sistemas de almacenaxe con xestión informática. Ademais, este espazo integra elementos de realidade mixta, permitindo aos estudantes mergullarse nun ambiente virtual onde poderán interactuar con clientes, xestionar inventarios e experimentar diversas situacións comerciais como se estivesen realmente nunha tenda ou almacén. Esta tecnoloxía ofrece unha experiencia imersiva e interactiva que enriquece a formación dos alumnos e lles permitirá aplicar os seus coñecementos nun contexto semellante ao que atoparán no mundo laboral.

En resumo, tomando como exemplo a “Aula Nova” do CAFI, a nosa aula será unha fusión entre un espazo educativo tradicional e un moderno simulador de tenda e ambiente de realidade mixta, representando así unha nova forma de abordar as necesidades específicas do noso alumnado e ofrecéndolles unha aprendizaxe máis motivadora e efectiva para o seu futuro no mundo do comercio.

3. Espazo de Aprendizaxe Integral: Este espazo non só serve coma simulador comercial, senón tamén coma un centro deseñado e preparado para a instrución e formación.

Trátase dun lugar onde se desenvolven unha mancha de actividades educativas e prácticas para potenciarmos o crecemento de habilidades directamente aplicables ao mundo laboral.

## Emprendemento

# Comunicación audiovisual e máis creatividade para a innovación

Paula Boo Pardavila

**E**n novembro celebrouse, na salón de actos, o obradoiro "Comunicación audiovisual para as túas RRSS profesionais", artellado da man de Xaquín Domínguez. Unha nova proposta impulsada pola coordinación de emprendedurismo.

Nesta actividade, o alumnado aprendeu a crear contidos para as súas redes sociais de xeito responsable para o seu futuro profesional e coñeceu pautas para unha boa comunicación.

Durante dúas horas resolvéronse dúbidas acerca de como comportarse ante unha cámara e como sacar partido ás redes profesionais. Recreouse un set de rodaxe, incidíuse sobre a importancia dun bo encadre e tamén houbo tempo para debullar que se pode facer e non á hora de publicar vídeos nas redes sociais.

Ademais, repasáronse diversos conceptos legais básicos coma o dereito á honra, á intimidade e á propia imaxe. A actividade resultou moi produtiva e suscitou un grande interese.

### **Creatividade para a innovación**

Xa no mes de febreiro, na biblioteca, tivo lugar o taller dinámico "Creatividade para a innovación". Da man de Verónica R. Ruzo, tiña coma meta a de coñecer técnicas (como o mapa mental e o SCAMPER) e exemplos innovadores para identificar oportunidades de negocio ou solucións creativas para a mellora empresarial.

Esta formación enmárcase dentro do programa denominado Eduemprende Actúa, que ten entre os seus obxectivos os de sensibilizar ao alumnado sobre a cultura emprendedora; e máis potenciar as súas capacidades para que saiban como afrontar proxectos de emprendemento.

Participou nesta formación primeiro do ciclo superior de Comercio Internacional que puxo en práctica diferentes ferramentas e dinámicas para o desenvolvemento da súa creatividade.




**SOPA DE LETRAS**  
Atopa as palabras agochadas

S	E	D	B	M	S	M	A	D	S	A	C	L	F
X	L	P	A	A	E	E	L	I	A	U	S	L	J
Z	E	U	T	R	R	I	I	B	N	T	V	L	S
A	C	B	E	K	V	C	M	T	I	O	R	P	D
A	T	L	R	E	I	D	E	A	D	M	S	V	G
P	R	I	I	T	Z	I	N	N	A	A	M	M	C
R	O	C	A	I	D	D	T	C	D	T	W	L	A
O	N	I	S	N	S	A	A	I	E	I	D	J	P
A	I	D	S	G	Y	D	R	A	P	S	D	W	E
O	C	A	D	C	G	O	I	R	G	M	N	B	T
E	A	D	B	V	D	S	A	D	L	O	A	A	E
X	Z	E	Y	D	B	R	A	S	Q	B	K	L	R
D	O	E	S	M	E	N	C	H	U	F	E	O	I
M	E	C	A	T	R	O	N	I	C	A	U	N	A

- |             |             |
|-------------|-------------|
| ALIMENTARIA | AUTOMATISMO |
| BALON       | BATERIA     |
| CAFETERIA   | COIDADOS    |
| DISTANCIA   | ELECTRONICA |
| ENCHUFE     | MARKETING   |
| MECATRONICA | OBRAS       |
| PROA        | PUBLICIDADE |
| SANIDADE    | SERVIZOS    |

**ENCRUCILLADO**




- |   |  |
|---|--|
| 4. Establecemento de venda ao público polo máido.   | 1. Deporte inventado por James Naismith.   |
| 7. Conxunto das condicións físicas e psíquicas en que se atopa o organismo nun determinado momento.   | 2. Elaboración gastronómica moi variada para comer en bocadillo.                 |
| 8. Tubo circular de caucho das rodas de moitos vehículos, que consta de cámara e cuberta.   | 3. Peneira que se dá nome ao noso CFP.   |
| 10. Termos usados nos contratos internacionais que detallan as obrigacións do exportador e do importador á hora de entregar as mercadorías. | 5. Conxunto de estas ou cubetas e portátiles que se utiliza como para deportiva. |
| 11. Conxunto de fíos metálicos fínos ou de aneis, revestidos dunha materia plástica, que serven para conducir a electricidade.              | 6. Acción e efecto de reunir ou reunirse.  |
|   | 9. Aceso individual con respecto.  |

# CONCURSO POLO DÍA DAS LETRAS GALEGAS



- Entra no Blog da biblioteca ou na páxina web do centro e apúntate ata o 31 de decembro 2024
- Escribe o teu relato e envíao a [participa@cifpfontecarmoa.net](mailto:participa@cifpfontecarmoa.net) ata o 22 de abril 2025
- En lingua galega
- Fai referencia a túa experiencia real ou ficticia no CIFP Fontecarmoa e/ou da biblioteca
- A participación gañadora levará un vale de 25 € en material escolar e a publicación na revista Bardos.
- Ademáis teremos talleres de formación
- Máis información na web do centro e no blog da biblioteca.



XUNTA  
DE GALICIA

CENTRO INTEGRADO  
DE FORMACIÓN PROFESIONAL  
FONTECARMOA



BIBLIOTECAS  
ESCOLARES  
DE GALICIA